



JSON cos últimos datos 10-minutais das estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia

O documento que se presenta a continuación contén a descrición dos datos presentados polo arquivo en formato JSON para obter os últimos datos 10-minutais da rede das estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia a través da ligazón: <http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/ultimos10minEstacionsMeteo.action>

Para ver máis información sobre a rede de estacións meteorolóxicas, consulte o apartado da nosa web: <http://www.meteogalicia.gal/observacion/rede/redeIndex.action>

1 Introducción ao formato JSON

O formato JSON ¹(JavaScript Object Notation - Notación de Objetos de JavaScript) é un formato lixeiro de intercambio de datos.

JSON está constituído por dúas estruturas:

- Unha colección de pares nome/valor.
- Unha lista ordenada de valores.

2 Estrutura do arquivo JSON

Este arquivo está formado por un único par de nome *listUltimos10min* cuxo valor está formado por unha lista de elementos que identifican cada unha das estacións e aporta información sobre os últimos datos 10-minutais dispoñibles. Cada un destes elementos está formado polos seguintes par/valor:

estacion: Nome da estación.

idEstacion: identificador numérico único da estación.

instanteLecturaUTC: data e hora UTC da lectura mostrada.

listaMedidas: lista de cada unha das medidas dispoñibles para cada estación. Cada unha destas medidas está formada polos seguintes par/valor:

codigoParametro: identificador único de cada medida, común a todas as estacións. Segue o formato: *abreviaturaParametro_funcion_altura*

A descrición de todos os códigos de parámetros pode consultarse en:

<http://www.meteogalicia.gal/observacion/rede/parametrosIndex.action>

nomeParametro: descrición do parámetro.

unidade: unidade na que se tomou a medida.

valor: valor numérico da medida.

1 Para máis información sobre o formato JSON consulte: <http://www.json.org/json-es.html>



3 Parámetros de consulta

Por defecto (sen parámetros) este servizo devolve a información para todas as estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia en servizo.

- **Parámetro idEst**

Para consultar a información dunha ou varias estacións concretas, pode utilizar o parámetro *idEst*, ao que lle hai que engadir o identificador ou identificadores das estacións que desexe consultar. Se son varias, os identificadores teñen que ir separados por coma (,).

Os identificadores de todas as estacións meteorolóxicas en servizo de MeteoGalicia pode consultarlos:

* Nun servizo JSON:

<http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/listaEstacionsMeteo.action>

Para máis información sobre este servizo pode consultar o seguinte documento:

http://www.meteogalicia.gal/datosred/infoweb/meteo/docs/rss/JSON_listaEstacionsMeteo_gl.pdf

* Nunha páxina web:

<http://www.meteogalicia.gal/observacion/rede/redeIndex.action>

Exemplos:

Por exemplo, a estación Santiago-EOAS ten o identificador numérico 10124, polo que a consulta sería:

<http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/ultimos10minEstacionsMeteo.action?idEst=10124>

No caso de varios identificadores, a consulta sería:

<http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/ultimos10minEstacionsMeteo.action?idEst=10124,10050>

- **Parámetro idParam**

Para consultar a información dun ou varios parámetros concretos, pode utilizar o parámetro *idParam*, ao que lle hai que engadir o identificador ou identificadores dos parámetros que desexe consultar. Se son varios, os identificadores teñen que ir separados por coma (,).

Os identificadores de todos os parámetros dispoñibles na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia pode consultarlos na seguinte páxina web, na listaxe “10Minutal”:

<http://www.meteogalicia.gal/observacion/rede/parametrosIndex.action>

Exemplos:

Por exemplo, a precipitación a 1.5m ten o código de parámetro *PP_SUM_1.5m*, polo que a consulta sería:

http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/ultimos10minEstacionsMeteo.action?idParam=PP_SUM_1.5m

No caso de varios identificadores, la consulta sería:



http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/ultimos10minEstacionsMeteo.action?idParam=PP_SUM_1.5m,TA_AVG_1.5m

- **Combinación dos parámetros idEst e idParam**

Exemplo:

http://servizos.meteogalicia.gal/rss/observacion/ultimos10minEstacionsMeteo.action?idParam=PP_SUM_1.5m,TA_AVG_1.5m&idEst=10124